



NOTA DE PRENSA 29.01.09: A ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA REITERA A NECESIDADE DE DETER A TRAMITACIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA PONTE EN MONTEPORREIRO SOBRE UN LUGAR DE IMPORTANCIA COMUNITARIA

A nova ponte que se pretende construír na zona de Monte Porreiro, atravesa un espazo catalogado como Lugar de Importancia Comunitaria, unha figura de protección contemplada na directiva Hábitat destinada á conservación dos escasos ecosistemas ben conservados que quedan na Unión Europea. Pero ademais do grave impacto que provocará nunha zona de alto valor natural, todo indica que ademais afectará de forma grave ao entorno dun ben de interese cultural e á calidade de vida dos veciños.

A necesidade de dar cabida a un tráfico crecente non pode resolver a costa da destrución de ecosistemas protexidos, de danar o patrimonio cultural ou de afectar á calidade de vida dos cidadáns. A conservación da biodiversidade é na actualidade un dos principais obxectivos das políticas ambientais en todo o planeta e unha das necesidades máis urxentes das políticas de conservación. O patrimonio natural e a biodiversidade desempeñan unha función social relevante pola súa estreita vinculación coa la saúde e o benestar das persoas, e pola súa contribución ao desenvolvemento social e económico. No ámbito da Unión Europea, a denominada directiva Hábitat trazou o camiño para protexer a diversidade de especies e ecosistemas establecendo figuras de protección para organismos e sistemas naturais singulares que polo seu valor ou polo seu estado de conservación mereceran preservarse; un dos ecosistemas elixidos foi precisamente un pequeno tramo do Río Lérez no que se atopan dous ecosistemas, un bosque caducifolio de carballos e un bosque de ribeira de grande valor. A escaseza de áreas protexidas en Galicia, que ten merecido unha amoestación da Comisión Europea pola reducida superficie de ecosistemas a preservar, fai que cada unha das elixidas mereza ser considerada como un elemento de gran valor non solo ambiental, senón tamén económico e social. Precisamente, a escasa superficie protexida que constitúe o LIC catalogado co código 1140002 (Río Lérez), permite deducir que non pode ser difícil atopar unha alternativa de trazado que non o afecte e que evite a destrución de 3.548 m² de carballeira galaico portuguesa e 942,5 m² de bosque aluvial, nun hábitat que alberga un total de 52 especies protexidas.

Na APDR desexamos que, como cabe agardar, a tramitación da Declaración de Impacto Ambiental que se atopa en marcha free este proxecto. Na actualidade, despois do período de exposición pública do Estudo de Impacto Ambiental no que a Asociación fixo chegar as súas alegacións explicando o dano que se produciría, o expediente atópase na fase de consultas aos organismos implicados entre eles á Dirección Xeral de Conservación da Natureza que, razoablemente, debería informar negativamente o proxecto.

Pero as declaracións dos responsables das administracións que pretenden sacar adiante o proxecto, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello, fan temer que o que se pretenda sexa acadar unha solución baseada na sintonía política entre promotores e administracións responsables da información do proxecto e da concesión das autorizacións precisas para executar unha obra que choca frontalmente coas normas de protección dos bens culturais e naturais. A APDR fai unha chamada aos implicados na planificación e aprobación da Ponte de Monteporreiro para que, en base a unha elemental sensibilidade ambiental, cultural e social, se busque unha alternativa que, permitindo resolver os problemas que o tráfico poda ocasionar, evite un grave prexuízo a unha das poucas áreas protexidas de Galicia.

Pontevedra, 29 de xaneiro de 2009-01-29

Pola Asociación pola defensa da Ría, Benito Andrade